

Informe Cuadrimestral nº 48 (maio-agosto de 2020)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2020 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola ordinarias os días 4 de xuño e 2 de xullo e unha extraordinaria o 30 de xullo.

Persoal

24 de xullo de 2020. Nomeamento polo Consello de Goberno como profesores eméritos de Ramón Méndez Pampín, Manuel López-Rivadulla Lamas e Juan José Casares Long.

24 de xullo. Prórroga polo Consello de Goberno como profesores eméritos de Alberto Arce Arce e Juan Manuel Lema Rodicio.

22 de xuño. Concesión do cambio de adscrición ao campus de Santiago de Compostela a don Diego Gómez Díaz, profesor contratado doutor da área de coñecemento de enxeñaría química, con efectos do 01.09.2020.

22 de xuño. Concesión do cambio de adscrición ao campus de Santiago de Compostela a dona Marta Carballa Arcos, profesora contratada doutora da área de coñecemento de enxeñaría química, con efectos do 01.09.2020.

11 de agosto. Toma de posesión como Titular de Universidade da área de Enxeñaría Química de Almudena Hospido Quintana.

Asuntos académicos

5 de xuño. Publicación da asignación de prazas de prácticas en empresa para o verán do Grao en Enxeñaría Química.

12 de xuño. Publicación de convocatoria de prácticas extracurriculares do Grao en Enxeñaría Informática.

26 de xuño. Presentación e defensa telemática, a través de Microsoft Teams, da Tese de Doutoramento de D. Alberte Regueira López, titulada: *Mechanistic understanding of mixed-culture fermentations by metabolic modelling*, e dirixida por D. Juan Manuel Lema Rodicio e D. Miguel Mauricio Iglesias.

30 de xuño. Publicación da asignación de prazas de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Ambiental.

6 de xullo. Presentación e defensa telemática, a través de Microsoft Teams, da Tese de Doutoramento de Dona Paula Carrera Fernández, titulada: *Aerobic granular sludge technology for fish-canning wastewater treatment: optimisation and scale up*, e dirixida por Dona Anuska Mosquera Corral e dona María Ángeles Val del Río.

9 de xullo. Publicación da asignación de prazas de prácticas en empresa do Máster en

Enxeñaría Química e Bioprocesos para o curso 2020-21.

27 de xullo. Presentación e defensa pública da Tese de Doutoramento de Dona Raquel Corchero Morais, titulada: *Surfactant Enhanced Oil Recovery with Ionic Liquids: Laboratory Tests*, dirixida por Dona Ana M^a Soto Campos.

29 de xullo. Presentación e defensa pública da Tese de Doutoramento de D. Naser Ahmad Aladwan Mohammad, titulada: *Un marco para avaliar a seguridade, a confianza e a eficiencia da computación en nube sostible para o procesamento de datos grandes*. Dirixida por D. Anselmo Tomás Fernández Pena.

Actividades

7-8 de xullo. Encontros Virtuais: Másters. Participaron todos os Másters que se imparten na ETSE.

14-15 de xullo. Xornadas de Orientación. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC. Participaron os Graos en Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática e o Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

15 de xullo. Visita do persoal do Servizo de Prevención de Riscos a Escola para realizar o control das condicións de traballo correspondente ao primeiro semestre de 2020.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

ENERGAL	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
ENVIRA INGENIEROS	Máster en Enxeñaría Ambiental
EUROINVERSIONES AGUAS DE SOUSAS SLU	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
NUEVAS VENTAJAS S.L.	Máster Enxeñaría Ambiental
SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
TEAMANDTIMES SOLUTIONS S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
TROVANT TECHNOLOGY	Máster en Enxeñaría Ambiental
ADDENDA AQUONA- AGUAS DE CASTILLA SAU	Máster Enxeñaría Ambiental e Grao en Enxeñaría Química
UTE PMA CONTECO	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
COINSCRAP FINANCE S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática

GRUMPY CAT SOFTWARE S.L.	Máster en Computación de Altas Prestacións
SIMPLY SMART S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática

Outros

15 de xullo. Publicación no DOGA da resolución da convocatoria posta en marcha no pasado mes de decembro de 2019 de convocatoria de mención de excelencia para titulacións de Máster do SUG. Na mesma resolvese outorgar mencións de excelencia a 3 Máster, unha das cales é para o Máster en Enxeñaría Ambiental.

24 de xullo. Aprobación polo Consello de Goberno da modificación da memoria do título de dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas.

24 de xullo. Aprobación polo Consello de Goberno da modificación da memoria do título de grao en Enxeñaría Informática para a súa implantación no curso 2021-22.